

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

XORNADA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS
FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

PRESENTACIÓN

O 17 de maio é a festa da lingua galega, unha celebración institucionalizada en 1963 pola Real Academia Galega (RAG) para honrar un autor ou autora polo seu labor de defensa e promoción do idioma e cultura de noso. Unha efeméride que foi acadando nos últimos anos grande amplitude, proxección e participación cidadá ata converterse nunha das citas máis importantes do almanaque galego, con importante atención e implicación desde os diferentes ámbitos sociais (administracións, institucións, entidades, empresas...).

Neste 2022, a RAG, na súa sesión plenaria do día 2 de xullo de 2021, tomou o acordo de lle render tributo e dedicarlle o Día das Letras Galegas 2022 ao autor ourensán Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, Vilamartín de Valdeorras, 1903 – Fair Oaks, California, 1987), cuxo labor literario e activismo político e cultural constitúen un dos capítulos máis destacados das letras galegas da diáspora. A RAG non só celebrará o excelente poeta que foi, cultivador dun galego enxebre, característico das terras de Valdeorras. A través da súa figura tamén homenaxeará, por primeira vez, a Galicia do exilio republicano en México, país onde o propio Delgado Gurriarán e outros colegas desenvolveron iniciativas sobranceiras que mantiveron vivo o facho da nosa identidade e que constitúen un referente obrigado da nosa historia contemporánea.

Florencio Delgado Gurriarán, avogado de formación, foi poeta, articulista, pioneiro da tradución poética interlingüística, editor literario e home ponte entre a Galicia exiliada en México e a Galicia interior, capaz de tecer, así mesmo, vínculos coa intelectualidade doutras orixes. Foi tamén un extraordinario activista cultural, promotor de iniciativas como o Padroado da Cultura Galega en México (creado en 1953), a revista *Vieiros* –da que foi director xunto con Carlos Velo e Luís Soto–, a audición radiofónica “Hora de Galicia”, que estivo en antena todos os domingos durante case dúas décadas, e doutras publicacións de carácter político e cultural. Por iso o seu Día das Letras Galegas será tamén unha homenaxe serodia a todo o exilio mexicano, cuantitativamente menor có arxentino pero dunha importancia igualmente capital. Del formaron parte canda o protagonista do vindeiro 17 de maio figuras como o cineasta Carlos Velo, o músico Xesús Bal y Gay, o xornalista Ramón Cabanillas fillo, o arquitecto Xosé Caridad Mateo ou Elixio Rodríguez.

O autor, membro moi activo do Partido Galeguista de Valdeorras, chegou a México tras lograr escapar a través de Francia no ano 1939. Fíxoo a bordo do *Ipanema*, un dos barcos que levaron os refuxiados españois a América e no que fuxiron tamén, entre outros, Roxelio Rodríguez de Breaña, Andrés Valín, Carlos Tomé, Johán López Durá, Serafín Ferro ou o mencionado Elixio Rodríguez. Unha vez en América mantería o compromiso cívico e cultural que dende moi novo o achegara tamén ás Irmandades da Fala e ao Seminario de Estudos Galegos, do que fora socio protector.

Como poeta, ao longo de máis de cinco décadas publicou composicións en revistas, xornais e libros. O seu primeiro poemario, *Bebedeira* (Editorial Nós, 1934) é unha obra próxima ao hiloísmo de Amado Carballo coa que participou na renovación da estética da poesía galega. Xa no exilio, axiña se implicou na revitalización cultural nun tempo en que a cultura galega da terra ficaba muda no seu propio idioma, mentres México e Buenos Aires se convertían nos grandes centros de actividade

cultural e política do galeguismo. Páxinas memorables daqueles anos son a colectánea poética *Cancioneiro da loita galega* (1943), primeira publicación do Partido Galeguista en México, da que Delgado Gurriarán foi responsable intelectual e principal colaborador. A súa voz, ademais de ser a máis presente nesta edición de "poesía de combate", é a máis variada e significativa e inclúe poemas dedicados ao seu amigo Alexandre Bóveda.

Gurriarán coidou sempre o contacto cos autores galegos exiliados noutros países. Desta relación quedou constancia na devandita colectánea ou no volume *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1946), no que inicia unha nova actividade literaria: a tradución de poetas consagrados da literatura universal. O volume, no que colaborou canda Plácido R. Castro (daquela en Galicia, antes do regreso a Reino Unido) e Lois Tobío (dende Uruguai), foi premiado pola Federación das Sociedades Galegas da Arxentina e publicado por primeira vez na capital porteña tres anos máis tarde. Delgado Gurriarán trouxo ao galego nesta achega a Rimbaud, Mallarmé ou Valéry xunto ás traducións de Yeats, Shelley ou Keats, realizadas polos seus colegas. A súa man organizadora tamén está detrás do volume colectivo *Presencia de Galicia en México* (Padroado da Cultura Galega, 1956), no que colaboran intelectuais extragalegos como o historiador catalán Pere Bosch i Gimpera.

Vieiros (1959-1968) é outro gran fito do exilio galego en México que Delgado Gurriarán e os seus compañeiros fixeron posible, anos despois da experiencia de *Saudade. Verba galega das Américas* (1942-1953), da que Florencio Delgado Gurriarán tamén foi parte. Nas súas páxinas dialogaron voces do exilio mexicano coas que ficaron en Galicia, tanto consagradas como outras moi novas naquela altura. Durante a época de conformación de *Vieiros*, o protagonista do Día das Letras Galegas 2022 mantivo unha especialmente proficua relación con intelectuais do exilio interior como o académico Francisco Fernández del Riego ou Valentín Paz-Andrade e estivo en contacto cos mozos do Grupo Brais Pinto.

Estes vínculos facilitaron que Delgado Gurriarán publicase a esta beira do Atlántico o seu segundo poemario, *Galicia infinda* (Galaxia, 1963), onde xunto a textos evocadores da matria valdeorresa sorprendeu cun interesante capítulo de "Poemas mexicanos". Tamén na terra natal saíron do prelo os seus dous últimos volumes: *Cantarenas* (Edicións do Castro, 1981) e *O soño do guieiro* (Edicións do Castro, 1986). En *Cantarenas*, onde recolle páxinas do seu primeiro libro, pon de novo o mundo do viño no centro do seu universo poético e regresa á terra da infancia que tanto o marcou, á que homenaxeou empregando en ocasións como pseudónimo o nome Corgomófilo. *O soño do guieiro* recolle igualmente poemas doutros momentos vitais, expresión xa da súa musa cívica, xa da elexíaca. O volume inclúe ademais algúns dos seus poemas sociolingüísticos, unha das facetas máis notables da súa poética. Tanto en *Cantarenas* como n'*O soño do guieiro* hai mostras elocuentes do seu talento satírico, retrate o ditador Franco ou describe o desleixo lingüístico de certos falantes.

Florencio Delgado Gurriarán foi elixido membro correspondente da Real Academia Galega no ano 1981 en recoñecemento ao seu labor como escritor e activista cultural dende a diáspora. Faleceu en 1987 aos 79 anos de idade cando se atopaba na casa dunha das súas fillas, en California.

XORNADA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Programa

| 03 de maio de 2022 - martes

 18:00 - 18:30 - Inauguración das xornadas

Valentín GARCÍA GÓMEZ

Secretario Xeral de Política Lingüística

Víctor FERNÁNDEZ FREIXANES

Presidente da Real Academia Galega

Elva DELGADO VÁZQUEZ


Familia

 18:30 - 19:15 - Conferencia

'Pensamento e poesía en Florencio Delgado Gurriarán'

Xesús ALONSO MONTERO

Profesor, investigador e académico

 19:15 - 20:00 - Exposición e guía didáctica das Letras Galegas, secundaria e outras ensinanzas





Débora ÁLVAREZ MOLDES

EOI de Ponferrada





Xulio PÉREZ VEIGA

CPR Pablo VI (A Rúa)

| 04 de maio de 2022 - mércores

-  18:00 - 18:40 - Conferencia
'O labor de editor e tradutor de Florencio Delgado Gurriarán'
Luis ALONSO GIRGADO
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
-  18:40 - 19:20 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Florencio Delgado Gurriarán
'Seminario Galán: Actividades en papel e en liña'
Francisco GUITIÁN VALEIRO
CEIP Novo Mesoiro (A Coruña)
-  19:20 - 19:40 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Florencio Delgado Gurriarán
'Un minuto con Florencio'
Dolores CASARES PRIETO e Ángela BARJA BARJA
CEIP Plurilingüe de Seixalbo (Ourense)
-  19:40 - 20:00 - Conferencia
'Florencio desde Fair Oaks mirando a Valdeorras'
Ricardo GURRIARÁN RODRÍGUEZ
Profesor e investigador

| 05 de maio de 2022 - xoves

-  18:00 - 19:00 - Conferencia
'Florencio Delgado Gurriarán, polos vieiros da saudade'
Héctor CAJARAVILLE
CPI Alcalde Xosé Pichel (Coristanco)
-  19:00 - 19:20 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Florencio Delgado Gurriarán
'O poeta que baila'
Séchu SENDE
IES Marco do Camballón (Vila de Cruces)
-  19:20 - 19:40 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Florencio Delgado Gurriarán
'En galegas e Ipanema das Letras na Festa da Lingua 2022'
Marta DOMÍNGUEZ TENREIRO - CPRP Esclavas Sagrado Corazón (A Coruña)
Alberto SEBASTIÁN HERMANS GONZÁLEZ - CPRP Compañía de María (Ferrol)
-  19:40 - 20:00 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Florencio Delgado Gurriarán
'Homenaxe a Florencio en Wordle'
María SABELA BRIÓN
CPR Eduardo Pondal (Cangas)

| 11 de maio de 2022 - xoves



18:30 - 19:10 - Conferencia

'O macrotexto poético de Florencio Delgado Gurriarán'

Miro VILLAR

CPI de Viaño Pequeno de Trazo (A Coruña)



19:10 - 19:50 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Florencio Delgado Gurriarán

Centro gañador do Concurso-Exposición Letras Galegas - A

Andrea TATO VEGA e Felipe ULLOA GONZÁLEZ

CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño de Rubiá (Ourense)



19:50 - 20:10 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Florencio Delgado Gurriarán

'As letras galegas no Camiño de Inverno'

Lorena PÉREZ GÓMEZ e Paula RODRÍGUEZ SUCASAS

CEIP Plurilingüe Eloísa Rivadulla (Chantada)



20:10 - 20:30 - Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Florencio Delgado Gurriarán

'Ciencia e música con Florencio Delgado Gurriarán'

Rubén CONDE MARTÍNEZ e José Luis FERNÁNDEZ CASAS

CEIP Nosa Señora de Xuvencos (Boborás)

'Pensamento e poesía en
Florencio Delgado Gurriarán'



CURRÍCULO

Xesús Alonso Montero, membro do Consello da Cultura Galega, da Real Academia Galega, catedrático de Literatura galega...

Estudou o bacharelato en Ribadavia e rematouno en Vigo no Instituto Santa Irene en 1948. Licenciouse en Filosofía e Letras na Universidade de Madrid en 1953. Foi profesor de Lingua e Literatura Española dende 1956, exercendo na Escola Normal de Santiago de Compostela, en Palencia (1959-1960) e Lugo (1960-1976). En 1966 doutorouse na Universidade de Salamanca cunha tese sobre *Manuel Curros Enríquez: Lengua y estilo de Curros Enríquez en su poesía gallega*. En 1976 é profesor titular de Literatura Española no Colexio Universitario de Vigo, despois pasou a ser profesor titular de Literatura Galega e catedrático de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela.

Ingresou na Real Academia Galega o 30 de outubro de 1993 por proposta de Xosé Filgueira Valverde, Carlos Casares e Ramón Piñeiro. O seu discurso de ingreso titulouno *Manifestos en verso en favor da poesía civil nos primeiros tempos da Posguerra na Galicia da Terra e na Galicia Emigrante (1939-1962)*. O 20 de abril de 2013 foi elixido presidente da Real Academia Galega, cargo que ocupou ata o 29 de abril de 2017.

A súa obra abrangue distintas perspectivas da lingua, da historia e da literatura e suma máis de 50 títulos entre os que podemos destacar *La palabra en la realidad* (1963), *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega* (1968), *O que cómpre saber da lingua galega* (1969), *Rosalía de Castro* (1972), *Informe -dramático- sobre la lengua gallega* (1973), *Pedro Petouta. Traballos e cavilacións dun mestre subversivo* (1974), *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados ...* (1982), *Celso Emilio Ferreiro* (1982), *Luís Pimentel: biografía da súa poesía* (1990), *Estudio literario das Festas Minervais Compostelanas de 1697* (1993), *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante* (1995), *Os poetas galegos e Franco* (1997), *Oteriana* (2000), *Versos republicanos e outros versos políticos* (2002), *Curros Enríquez no franquismo* (2003), *A batalla de Montevideo* (2004), *Os escritores galegos e a Guerra Civil española* (2006), *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia* (2006), *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega* (2009)...

É responsable dun número considerable de edicións e antoloxías de escritores galegos e de colectáneas de textos relacionadas coas Letras galegas como é o caso de *Florencio Delgado Gurriarán. Poeta na terra, na guerra e no exilio. Antoloxía poética* (2022). Fóra deste ámbito é autor de traballos sobre Cervantes, Pablo Iglesias, Miguel de Unamuno, Antonio Machado, Tomás Navarro Tomás, García Lorca, Carles Riba, Salvador Espriu, Eduardo Jorge Bosco, a Institución Libre de Enseñanza, a revista portuguesa *O Soneto neolatino (1929-1933)*... Dirixiu dúas coleccións de libros, "Arealonga" e "Arealongiña", en Akal Editor (Madrid), prologou un número moi elevado de libros, publicou algunhas traducións e pronunciou centos e centos de conferencias en Europa e América. Son moi numerosos os artigos e ensaios de historia e crítica literarias, sociolingüística e socioloxía da cultura recolleitas en actas de congresos e revistas académicas centradas no acontecer cultural galego.

I 'Exposición e guía didáctica das Letras Galegas, secundaria e outras ensinanzas'



Débora ÁLVAREZ MOLDES - EOI de Ponferrada

Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, tamén ten o título de Experta Universitaria en Animación á Lectura. Universidade Española a Distancia, posgrao en Organización de Congresos e Eventos pola Escola Superior de Hostelería de Sevilla e Universidade San Jorge, Máster en Industrias Culturales pola Universidad Europea Miguel de Cervantes. Foi lectora no País Vasco, é a directora do proxecto As Letras de Florencio Delgado Gurriarán, Dinamizadora da Biblioteca Florencio Delgado Gurriarán do Barco, Coordinadora do colectivo de lectores da Facultade de Letras de Vitoria Gasteiz e na actualidade imparte aulas na EOI de Ponferrada. Entre outros traballos é coautora, xunto con Margarida Pizcueta Barreiro, da *Antoloxía poética de Florencio Delgado Gurriarán, 2022*, Editorial Galaxia e *As letras de Florencio. Guía de traballo, 2022*, Ir Indo.



Xulio Pérez Veiga - CPR Pablo VI (A Rúa)

É diplomado en educación primaria e licenciado en Filoloxía hispánica. Foi profesor do CPR Pablo VI da rúa ata a súa recente xubilación. Profesor de Lingua galega en educación primaria de Lingua e literatura castelá e Latín en bacharelato. Ten colaborado en diversas revistas como *Raigame*, *Auria*, *Aureana...* e no xormal *O Sil*.



Resumo da experiencia

Co gallo das Letras Galegas 2022, a Secretaría Xeral propón dez carteis e unha guía didáctica elaborados por Débora Álvarez e Xulio Pérez. Nela faise un repaso da vida e obra do poeta valdeorrés Florencio M. Delgado Gurriarán. Con estas ferramentas –guía e carteis– pónense a disposición de profesorado e alumnado dous instrumentos básicos, abertos e complementarios doutras iniciativas. A variedade das actividades permítalle ao profesorado elixir cales son as máis acaídas para o nivel do seu curso e clase en particular. Como se pode comprobar, moitas delas son apropiadas para distintos niveis e transversais para outras materias, como poden ser a Xeografía ou a Historia.

Os obxectivos, como non podían ser doutro xeito, están encamiñados a divulgar a figura humana e artística de Delgado Gurriarán, achegar a realidade histórica e cultural da época, das institucións e protagonistas cos que tivo relación, fomentar a tolerancia polas ideas políticas e a diversidade cultural e promover unha aprendizaxe activa nas aulas.

Despois dunha xustificación inicial do proxecto, farase un repaso polos 10 apartados da guía didáctica, que se corresponden cos 10 carteis da exposición. Neste repaso explícase a tipoloxía e o contido das actividades programadas.

'O labor de editor e tradutor de
Florencio Delgado Gurriarán'



CURRÍCULO

 **Luis Alonso Girgado**, profesor e investigador no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación e Humanidades.

Licenciado en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela, é catedrático de ensino medio de Lingua e Literatura Españolas e foi o secretario e asesor literario do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades onde coordinou as edicións facsimilares das revistas literarias *Aturuxo*, *Alba*, *Posío*, *Gelmírez*, *Posío. Arte y Letras*, *La Noche. Suplemento del sábado*, *Resol*, *Cristal*, *Galiza*, *La Tierra Gallega*, *La Alborada*, *Saudade*, *Ronsel*, *Céltiga Cultura Gallega...* Colabora habitualmente en xornais e revistas como *El Correo Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Grial*, *Encrucillada*, *A Nosa Terra*, *Diario de Ferrol* e *Diario de Córdoba*.

Recibiu o Premio Manuel Lorenzo Barja no 2009.

Publicacións.

- *Rosalía de Castro, na súa vida, nos seus versos* (1986, Padroado Rosalía de Castro).
- *Crónica de una muerte anunciada: guía de lectura* (1993, Tambre).
- *El Aleph de Jorge Luis Borges. Guía de lectura* (2009, Follas Novas).
- *Soliloquio para un retorno* (2003, Follas Novas).

Edición

- *Antoloxía do conto galego do século XX* (1989, Galaxia).
- *Antre dous séculos*, de Xerardo Álvarez Limeses (1990, Xunta de Galicia).
- *O relato breve: escolma dunha década 1980-1990* (Galaxia).
- *As Cantigas galego-portuguesas* (1991, Xuntanza).
- *Fábulas galegas e outros poemas*, de Amador Montenegro (1991, Xunta).
- *Cantigas medievais galegoportuguesas* (1992, Editorial Compostela).
- *Algas (versos galegos)*, de Gumersindo Placer (1994, Xunta de Galicia).
- *D'o mar e d'a terra*, de Francisco María de la Iglesia (1994, Xunta de Galicia).
- *Poesía galega completa*, de Luís Amado Carballo (1994, Sotelo Blanco).
- *Obra poética galega*, de Luís Amado Carballo (2001, Xerais).
- *Prólogos, epílogos y otros escritos dispersos*, de Álvaro Cunqueiro (2011, Follas Novas).
- *De San Pascual a San Gil*, de Domingo Miras (1988, Alhambra).
- *Antología de la poesía hispanoamericana del siglo XX* (1990, Alhambra).
- *Cuentos populares*, (1993, Tambre).

Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Florencio Delgado Gurriarán

I 'Seminario Galán: Actividades en papel e en liña'



Francisco GUITIÁN VALEIRO - CEIP Novo Mesoiro (A Coruña)

David Francisco Guitián Valeiro é mestre. É licenciado en Psicopedagogía, especialista en Orientación, Inglés, Francés, Educación Física, Pedagogía Terapéutica e primaria no CEIP Novo Mesoiro da Coruña. Antes diso estivo impartindo clases en catro comunidades autónomas diferentes. Foi coordinador de novas tecnoloxías durante oito anos, realizou proxectos de inclusión e diversidade nos patios... Pertence ao Seminario Galán dende o ano 2012.



Resumo da experiencia

O Seminario Galán é un grupo de traballo de profesorado ben coñecido pola comunidade educativa galega. Ao longo do relatorio coñeceremos as súas orixes, a súa andaina e o seu proceso de elaboración das actividades máis compartidas polo profesorado galego.



'Un minuto con Florencio'



Dolores CASARES PRIETO, CEIP Plurilingüe de Seixalbo (Ourense)

É mestra de educación infantil e actualmente mestra de educación primaria no CEIP pluringüe de Seixalbo. Foi a responsable da unitaria de Dacón durante 23 anos. Impartiu diferentes cursos sobre teatro, ABN, elaboración de xoguetes con material de refugallo etc. En relación con isto último, publicou *Teatro na escola* e *Elaboración de xoguetes con material de refugallo*.



Ángela BARJA BARJA, CEIP Plurilingüe de Seixalbo (Ourense)

É mestra de educación infantil durante 18 anos. Na actualidade é mestra de educación primaria e coordinadora do EDLG do CEIP plurilingüe de Seixalbo. Ademais é licenciada en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Románica. Foi secretaria e, posteriormente, directora durante 6 anos no CRA A Picaraña de Pontearreas.



Resumo da experiencia

Presentación dunha actividade realizada no centro, que consistiu, en primeiro lugar, na recompilación e na selección de información sobre a biografía e obra de Florencio Delgado Gurriarán. Posteriormente, en colaboración co grupo *Tik Tak Draw*, elaborouse un vídeo onde se adaptaron os debuxos a un guión e se incorporaron as voces do alumnado. O obxectivo da iniciativa foi dar a coñecer a vida e obra do autor homenaxeado dun xeito máis atractivo e breve e destacar o máis relevante do autor desde a perspectiva dun neno ou nena.

'Florencio desde Fair Oaks
mirando a Valdeorras'



CURRÍCULO

 **Ricardo Gurriarán Rodríguez**, profesor xubilado e investigador.

Licenciouse en Educación Física (INEF) pola Universidade Politécnica de Madrid e foi profesor no IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela desde 1977 ata a súa xubilación. En 2004 doutorouse en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela, coa tese *A investigación científica en Galicia (1900-1940): institucións, redes formativas e carreiras académicas. A ruptura de Guerra Civil*, dirixida por Lourenzo Fernández Prieto. Foi asesor histórico do filme *Os fillos do sol* (2017) que desenvolve a súa trama nos inicios da compañía farmacéutica Zeltia.

Recibiu o Premio de investigación Tertuliano Hervella 2003, 9ª ed., do Instituto de Estudos Valdeorreses por *Gonzalo Gurriarán (1904-1975)*; o Premio da Crítica Galicia de investigación 2007 por: *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago 1900-1940* e o Premio Lois Peña Novo no ano 2015, 21ª edición.

Publicacións

- *Aportación de la ILE a la educación física del siglo XX*, 1996.
- *Florencio Delgado Gurriarán, vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Edicións do Castro, 1999 reeditado pola Editorial Galaxia no 2022.
- *Da prerromanización ao wolfram, apuntamentos históricos das explotacións mineiras en Valdeorras*. Tórculo Edicións, 2000.
- *Gonzalo Gurriarán Gurriarán (1904-1975)*. Instituto de Estudos Valdeorreses, 2005.
- *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940) do influxo institucionista e a JAE á depuración do profesorado*, 2006.
- *Obella Vidal. Investigador, empresario e galeguista*. Foro Peinador, 2009.
- *Inmunda escoria, a universidade franquista e as mobilizacións estudiantís en Compostela, 1939-1968*. Xerais de Galicia, 2010.
- *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*, 2012.
- *A galería de decanos da Facultade de Medicina*. Universidade de Santiago de Compostela, 2014.
- *Galicia ten un referente: Isidro Parga Pondal*. Deputación provincial da Coruña, 2014.
- *Enrique Peinador Lines e Mondariz. Empresa, turismo e país*. Foro Enrique Peinador, 2016.
- *Pena Trevinca. Montañeros de Galicia (1944-1950)*, Alvarellos Editora, 2022.

HÉCTOR
CAJARAVILLE

05 de maio - xoves
18:00 - 18:45 h

Florencio Delgado Gurriarán,
polos vieiros da saudade



CURRÍCULO

 **Héctor Cajaraville Araújo**, profesor, escritor e investigador.

Licenciado en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (1996), desenvolveu a súa actividade profesional como responsable de prensa da Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, a Universidade de Santiago de Compostela (campus de Lugo) e o Concello de Santiago, así como nos diarios galegos *La Voz de Galicia* e *De Luns a Venres*.

Nos anos académicos 2009/2010 e 2010/2011, respectivamente, cursou os mestrado en Lingüística Galega e Edición da Universidade de Santiago de Compostela e reorientou a súa actividade cara ao ámbito editorial. Desde 2018 é profesor de secundaria da materia de Lingua e Literatura Galega.

Recibiu os seguintes premios: Finalista do Premio Agustín Fernández Paz 2020 por *Os metrosiderais*; Finalista do Premio María Victoria Moreno 2020 por *Os metrosiderais*; Premio Antón Losada Diéguez de Creación Literaria 2019 por *Nova Nursia*; Finalista na IV Gala do Libro Galego 2019 por *Kusuma*; Premio Merlín de Literatura Infantil 2018, por *Kusuma*; Finalista do Premio Agustín Fernández Paz 2017 por *Kusuma*; Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil 2016 por *Denébola a Roxa*; Premio Ánxel Fole de Narrativa Curta 2016 por *Once portas*; Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil 2015 por *Vidas cruzadas*; Finalista do Premio Merlín de Literatura Infantil 2015 por *Quen dá a quenda?* e o Premio Xerais 2015 por *De remate*.

Publicacións

- *O Palabrego* (Xonix Records, 2012).
- *De remate* (Ed. Xerais, 2015).
- *Quen dá a quenda?* (Ed. Xerais, 2016).
- *A caixiña dos rancos* (Ed. Xerais, 2016).
- *Denébola a Roxa* (Baía Edicións, 2016).
- *Once portas* (Ed. Xerais, 2017).
- *O segredo da casa de Formoso* (Santillana-Obradoiro Oqueleo, 2017).
- *Nova Nursia* (Ed. Xerais, 2018).
- *Kusuma* (Ed. Xerais, 2018).
- *Antonio Fraguas: o bo mestre, o mestre bo* (Ed. Xerais, 2019).
- *Ricardo Carvalho Calero: a pegada do compromiso* (Ed. Xerais, 2020).
- *Os metrosiderais* (Santillana-Obradoiro Oqueleo, 2021).
- *Florencio Delgado Gurriarán: polos vieiros da saudade* (Ed. Xerais, 2022).

Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Florencio Delgado Gurriarán

I 'O poeta que baila'

 **Xosé Luís GONZÁLEZ SENDE (Séchu SENDE)**, IES Marco do Camballón (Vila de Cruces)

Iniciouse como poeta vinculado ao Colectivo Poético Serán Vencello, formou parte da xeración dos 90 e máis tarde revelou tamén como un dos narradores de principios do século XXI. Foi un dos fundadores do proxecto editorial Letras de Cal, no que publica o seu primeiro libro, *Odiseas*, en 1998. Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa, como sociolingüista, foi cofundador da Cooperativa Tagen Ata, Lingua e Comunicación. En 2003 gañou o Premio Blanco Amor coa novela *Orixé*. O seu libro de conxunto de relatos curtos *Made in Galiza* (2007) recibiu o Premio Ánxel Casal ao Mellor Libro do Ano, concedido pola Asociación de Editores Galegos.

No ano 2010 publicou o libro ilustrado *Animais*, un conxunto de textos e deseños que forman un himno á vida natural e unha denuncia do progreso mal entendido, desde múltiples rexistros. En 2011 publicou *O caçador de bruxas*, unha historia sobre a liberdade de expresión. Logo virá *Viagem ao Curdistám para apanhar estrelas*, publicado en 2012, un libro de viaxes ilustrado polo autor onde se narra unha aventura autobiográfica no Kurdistán norte.

En outubro de 2013 publicou en liña catro libros ilustrados sobre catro temas fundamentais na súa obra: lingua, ecoloxía, igualdade de xénero e historia da Galiza: *Os sonhos de Maré*, un libro ilustrado a partir do poema "Falarás a nosa língua", un canto vitalista a prol da lingua galega na infancia; *Duas noites na casa das bruxas*, un *skechbook* sobre o Courel e os seus valores naturais; *Canguru*, un libro infantil sobre a igualdade de xénero; e *Os tesouros de Baronha*, unha especie de libro de viaxe ao castro de Baroña.

Ten traballado en publicidade social e, neste campo, entre as súas creacións está a campaña para a Universidade de Vigo "Busco amante galego-falante". No ámbito da multimedia, tamén formou parte do "Colectivo Sintrom" de música experimental, cos músicos Serxio Landrove, Helga Blanco e Xalo Gayoso. Os seus poemas foron musicados por O Leo i Arremecághona!, o grupo Caxade, o grupo Linho do Cuco ou Guadi Galego"

Séchu Sende tamén é o creador do primeiro xogo de rol en galego, publicado polo Concello de Santiago e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, como actividade de dinamización do Correlingua, en 2002.

Resumo da experiencia

'O poeta que baila: Florencio Delgado Gurriarán' é un proxecto de baile, música, literatura e lingua arredor da obra de Florencio Delgado Gurriarán impulsado inicialmente polo Clube da Lingua do IES de Vila de Cruces, aberto á participación de quen queira aprender ludicamente e con espírito festivo, coa finalidade de coñecer a obra e vida do autor homenaxeado no Día das Letras 2022, Florencio Delgado Gurriarán.

Através de diversos materiais e actividades imos descubrir a Florencio e a súa obra, aproveitando para coñecer e bailar a música e o baile tradicional e a música latina da música galega actual. Tamén queremos coñecer as relacións musicais entre Galiza e América, de ida e volta, através da emigración e o exilio, desde a século XIX ata hoxe.

I 'En Galegas e Ipanema das Letras na Festa da Lingua 2022'



Marta DOMÍNGUEZ TENREIRO, CPRPEslavas Sagrado Corazón de Jesús (A Coruña)

Diplomada en Maxisterio de educación primaria pola Universidade da Coruña, na actualidade é mestra no Colexio Esclavas da Coruña e coordinadora do EDLG neste centro e dos EDLG de Escolas Católicas na Coruña. É coautora de *Coñecendo a Antonio Fraguas e Roteiros Literarios e De Carballo Calero a Carvalho Calero*, de Hércules de Ediciones. Ten diversar colaboracións vinculadas ao ensino da lingua galega para Snappet España e EDB-Rodeira.



Alberto SEBASTIÁN HERMANS GONZÁLEZ, CPRP Compañía de María (Ferrol)

Profesor de música e titor de Primaria no centro Compañía de María de Ferrol, é ademais coordinador do EDLG e coordinador desta zona en Escolas Católicas. Combina o seu labor docente co musical pois forma parte do grupo de música folk 'Lendra Ártabra' do que é o seu fundador.



Resumo da experiencia

Coma todos os anos, os Equipos de Dinamización da Lingua Galega de Escolas Católicas de Galicia xuntan esforzos para celebrar as Letras Galegas. Este ano, debido ao éxito da proposta dixital do ano pasado e a que a situación sanitaria é outra, celebrárono tanto de xeito dixital como presencial. Presentación dos recursos compartidos, as colaboracións e as novas de elaboración propia; especialmente o concurso Ipanema das Letras e os podcasts do proxecto En Galegas de entrevistas a mulleres como referentes en diferentes ámbitos.



I 'Homenaxe a Florencio en Wordle'



María Sabela BRIÓN CAÍÑO, CPR Eduardo Pondal (Cangas)

Profesora de lingua galega na ESO e coordinadora do EDLG no CPR Eduardo Pondal de Cangas do Morrazo. Participou na Rede de Escolas UNESCO, xunto con outros nove centros educativos europeos, no proxecto piloto Integración do patrimonio cultural inmaterial na escola que tivo lugar en Viena e Rotterdam e que se desenvolveu ao longo do curso 2019-20. Nestes momentos tamén forma parte do equipo da biblioteca do colexio, a partir do cal se impulsan todos os proxectos que se desenvolven no centro.



Resumo da experiencia

Descubrín o Wordle grazas a un alumno de 4º da ESO no mes de decembro. Á volta do Nadal levei o xogo á aula de 4º da ESO como actividade para iniciar motores nas clases de lingua galega. O éxito foi tal que, xunto cun grupo de alumnado do Módulo de enriquecemento Máis de Nós, acordamos deseñar un Wordle con palabras extraídas do título ou do primeiro verso de distintos poemas de Florencio Delgado Gurriarán. Dende o 18 abril ao 17 maio cada día lectivo nas clases de lingua de toda a ESO adiviñamos un Wordle e, a seguir, lemos e reflexionamos sobre o poema do que se tirou a palabra. Logo dunha semana a rapazada está entusiasmada co reto que lle permite aprender léxico, coñecer e valorar textos literarios e converteu a Rede nun recurso para a aprendizaxe.

'O macrotexto poético de
Florencio Delgado Gurriarán'



CURRÍCULO

 **Arximiro Bautista Villar González**, profesor, escritor e investigador.

Doutor en Teoría da Literatura e Literatura Comparada, profesor de lingua e literatura galegas, ademais de poeta, narrador, tradutor e crítico literario en diversas revistas e publicacións periódicas. Foi membro do Batallón Literario da Costa da Morte, do Consello Editorial da Colección Ablativo Absoluto de Edicións Xerais e do Comité de Redacción da revista *Dorna*. Entre 1990 e 1998 tamén foi un dos impulsores da editora Edicións do Dragón. Ten colaborado n'*A Nosa Terra*, *Luzes de Galiza*, *Estudos Migratorios* e nos suplementos *Revista das Letras* de *El Correo Gallego* e Galicia Literaria de *Diario 16 de Galicia*.

Realizou e publicou estudos sobre escritores galegos como Gonzalo López Abente, Celso Emilio Ferreiro, Roberto Blanco Torres, Xervasio Paz Lestón, Alexandre Cribeiro, Antón Zapata García, Emilio Álvarez Blázquez, Bernardino Graña, Florencio Delgado Gurriarán, entre outros.

Recibiu o Premio de Relato Curto Modesto R. Figueiredo do Padroado Pedrón de Ouro en 1985, por *Augas de silencio*; Premio de relato curto Modesto R. Figueiredo do Padroádego Pedrón de Ouro en 1987, por *Verbas cruzadas con Amaranta*; Accésit do Premio Esquíu de poesía en 1997, por *Equinoccio de primavera*; Premio Tívoli-Europa en 1998, por *Abecedario da desolación*; Finalista do Premio Tívoli-Europa en 1999, por *Equinoccio de primavera*; Premio de poesía Concello de Carral en 2010, por *As crebas*; Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega ao mellor blog literario no 2012: *As crebas*; Premio Ánxel Casal da Asociación Galega de Editores ao mellor Libro infantil e xuvenil de 2013, por *A pantasma da casa da Matanza*.

Publicacións - Poesía

- *Ausencias pretéritas* (Espiral Maior, 1992).
- *42 décimas de febre* (Toxosoutos, 1994).
- *Abecedario da desolación* (Espiral Maior, 1997).
- *Equinoccio de primavera* (Sociedade de Cultura Valle-Inclán, 1998).
- *Gameleiros* (Xerais, 2002).
- *As crebas* (Espiral Maior, 2011).
- *Breizh* (Toxosoutos, 2012).

Ensaio

- *Antón Zapata. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República* (Laivento, 2009).
- *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta no exilio mexicano* (Xerais, 2022).

Edicións

- *Antoloxía poética de Gonzalo López Abente* (Espiral Maior, 1995).
- *Diccionario da literatura galega. II. Publicacións periódicas* (Galaxia, 1997).
- *Unha lectura de O soño sulagado*, de Celso Emilio Ferreiro (Xerais, 1998).
- *Orballo da medianoite*, de Roberto Blanco Torres (Xerais, 1998).
- *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón* (Edicións do Castro, 1998).
- *Indo para máis perto. A señardade no puño*, de Alexandre Cribeiro (Xerais, 2004).
- *A roseira da soidade*, de Antón Zapata García (Xerais, 2005).
- *Poesía galega completa e textos en prosa*, de Emilio Álvarez Blázquez (Xerais, 2005).
- *Ser auga, darse en auga. Antoloxía poética de Bernardino Graña* (2010).
- *Bretemada*, de Gonzalo López Abente (Alvarellos, 2011).
- *Obra poética completa*, de Gonzalo López Abente (Espiral Maior, 2013).
- *Alén. Servidume da treva*, de Augusto Casas (Galaxia, 2022).

Experiencias dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega con Florencio Delgado Gurriarán

'Centro gañador do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2022 na categoría A'



Andrea TATO VEGA - CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño (Rubiá)

Mestra especialista en educación musical e educación primaria pola Universidade de Santiago de Compostela, grao en educación primaria pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi titora en diversos centros de Galicia e agora é a directora do CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño (Rubiá) dende 2012 ata a actualidade.



Felipe ULLOA GONZÁLEZ - CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño (Rubiá)

Mestre en educación infantil pola Universidade de Vigo e grao en educación infantil pola Universidade de Santiago de Compostela ademais é técnico superior en Administración e Finanzas. Exerceu a docencia en diversos centros do Principado de Asturias e na Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 2007.

Resumo da experiencia



Este traballo que recolle a exposición premiada na categoría A no concurso dos carteis e guía didáctica sobre o autor homenaxeado das Letras Galegas 2022. Representa o esforzo e o labor en equipo polo persoal docente e polo alumnado, coa colaboración da comunidade escolar de Rubiá. Por unha banda, unha homenaxe a Florencio como valdeorrés recoñecido na nosa cultura galega e, por outra, unha mostra do tipo de traballo realizado no noso centro, empregando diferentes técnicas plásticas e diversos materiais, elementos e estratexias creativas relacionados coa nosa paisaxe, tan ligada ao agro e á natureza.

En definitiva, preténdese facer un sinxelo percorrido pola vida e obra do autor, pola situación social e cultural daquela época, sen esquecer o que representa o exilio de moitos galegos, e por suposto poñer en valor a nosa lingua galega e a fala dos valdeorreses.

O traballo componse de 10 carteis de gran tamaño e unha guía didáctica con actividades sobre os devanditos carteis, biografía, obra e contexto socio-cultural e lingüístico do autor. Para complementar, achéganse recursos dixitais tales como vídeos, kahoot, genial.ly, fotografías e todo isto aloxado nun blog.

'As letras no camiño de inverno'



Lorena PÉREZ GÓMEZ - CEIP plurilingüe Eloísa Rivadulla (Chantada)



É profesora de educación primaria no CEIP plurilingüe Eloísa Rivadulla onde foi a coordinadora das actividades extraescolares e os últimos anos tamén desempeña o seu labor como coordinadora de dinamización da lingua galega e coordinadora do plan proxecta Mirando polo camiño.



Paula RODRÍGUEZ SUCASAS - CEIP plurilingüe Eloísa Rivadulla (Chantada)

É profesora de audición e linguaxe no CEIP plurilingüe Eloísa Rivadulla onde tamén foi a coordinadora das actividades extraescolares e tamén é membro do grupo das TIC do devandito centro.



Resumo da experiencia

Na semana das Letras Galegas traballan as Nosas Letras relacionándoas coa temática central do noso centro, co Plan Proxecta Mirando polo Camiño e a Milla Diaria e o PLAMBE O Folión de Carros. Farán caligramas coas formas dun carro, dos carroceiros... onde aparezan representadas obras do autor homenaxeado neste día, Florencio Delgado Gurriarán. Ademais de diversas actividades como un Scape Room relacionado co Camiño de Inverno, incluíndo tablets, códigos QR ... e uns retos semanais que propoñerá a nosa mascota da biblioteca, Sacra, que consisten en responder preguntas sobre a vida do autor.



'Ciencia e música con Florencio Delgado Gurriarán'



Rubén CONDE MARTÍNEZ, CEIP Nosa Señora de Xuvencos (Boborás)

Mestre de primaria e co-titor do curso de sexto. Integrante do Equipo de Dinamización da Lingua Galega no CEIP Xuvencos. Forma parte de diferentes asociacións culturais de Ourense, como poden ser A Esmorga, A Galheira... É mestre dende 2018 e fundador do equipo de fútbol popular Unión Deportiva Ourense.



José Luis FERNÁNDEZ CASAS, CEIP Nosa Señora de Xuvencos (Boborás)

Mestre de música e primaria e co-titor de quinto. Integrante do Equipo de Dinamización da Lingua Galega no CEIP Xuvencos. Mestre dende o 2009 e integrante en distintas formacións músico-culturais tradicionais.



Resumo da experiencia

Breve roteiro científico-musical sobre Gurriarán, coas seguintes actividades: *Á procura de Florencio Delgado Gurriarán*, unha busca do tesouro para a etapa de educación infantil e primaria na que o alumnado, en cada aula, debe seguir varias pistas nas que investigará e xestionará información relacionada con Florencio Gurriarán. Estas pistas conducirán a unha peza dun crebacabezas (anaco de imaxe de Florencio Gurriarán). Logo de finalizar as investigacións, conseguirá formar un mural coa imaxe final do autor. A segunda parte é *A oca de Florencio*, un xogo interactivo, partindo do xogo da oca, a través da aplicación Genially, coas regras da oca tradicional pero adaptado á biografía do escritor. Un xeito ameno e interesante de achegar a rapazada á figura de Florencio Gurriarán, para ambas as etapas, infantil e primaria. E a terceira parte é *A canción do galego*, unha canción cantada por alumnado do CEIP Nosa Señora de Xuvencos, que promove e fomenta o uso do galego.



FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

LETRAS GALEGAS 2022



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



CAFI



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega